

NOVA NORMATIVA DO USO DO TELÉFONO MÓBIL PARA O CURSO

ESCOLAR 2022/23

Estimadas familias,

Queremos lembraros que a partir deste curso académico 2022/23 NON está permitido o uso do teléfono móbil por parte do alumnado no Centro, segundo o establecido no DECRETO 8/2015 do 08 de Xaneiro polo que se desenvolve a Lei de Convivencia 4/2011 nos Centros Educativos da Comunidade de Galicia.

Os alumnos poderán traer o teléfono móbil sempre e cando o manteñan apagado nas súas mochilas ou bolsillos. Os aparatos teñen que estar gardados mentres os alumnos e alumnas se atopen no centro; xa sexa na aula, pasillos, patios, baños etc. Soamente poderán encender o teléfono cando un profesor o autorice.

No caso de que o alumnado necesite utilizar o teléfono móbil por calquera emerxencia, deberá comunicalo ao profesor na aula. Aínda que recordamos tamén que, en caso de necesidade, os alumnos poden chamar dende o teléfono do centro e as súas familias poden localizalos tamén da mesma maneira

Tendo todo isto en conta, a partir do inicio do presente curso 2022/23, calquera alumno que utilice o teléfono móbil sen autorización expresa dun docente, poderá ser sancionado segundo ás normas establecidas no NOF do Centro.

Ata este curso, o uso dos dispositivos estaba permitido nalgúns casos con fins pedagóxicos, pero comprobamos que na maioría das ocasións non servía para os fins desexados durante as clases é que era unha causa de distracción que dificulta o normal desenvolvemento das mesmas e deteriora o proceso de aprendizaxe do alumnado, polo que o cumprimento desta norma impórtanos, preocupa e beneficia a todos.

A DIRECCIÓN